

## **MÁIS DE 442.000 ESCOLARES PARTICIPARON NA ESCOLA DE ALIMENTACIÓN DE EROSKI DURANTE O CURSO 2018-2019**

- **Máis do 15 % dos escolares de 2º e 3º ciclo de primaria de España, aos que se dirixe o programa, interviñeron na iniciativa**
- **O 44,14 % dos centros escolares de Educación Primaria de España participaron no programa desde o seu inicio no 2013**
- **A iniciativa busca sensibilizar os estudantes sobre a importancia de teren unha alimentación equilibrada e un estilo de vida saudable**
- **Durante este curso renováronse as sesións didácticas dos obradoiros, reforzouse o programa cun novo módulo de repaso e incorporáronse visitas a novos produtores locais**
- **O Programa Educativo de Alimentación da Fundación EROSKI (PEAHS) foi premiado como unha das mellores accións de comunicación de RSC desenvolvidas no 2016 en España**

**Elorrio, 4 de xullo do 2019.-** Un total de 442.677 escolares de toda España de 3.253 centros de Educación Primaria participaron na VII edición do *Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables* (PEAHS) que desenvolve a [Escola de Alimentación da Fundación EROSKI](#). Máis do 15% dos escolares de 2º e 3º ciclo de Primaria de España, aos que se dirixe o programa, e o 23,4% do total das escolas de primaria de España interviñeron na iniciativa durante o curso 2018-2019 que vén de acabar. Con respecto ao curso anterior, mantívose a participación en xeral e aumentouse notablemente nas zonas nas que EROSKI é un operador de referencia, onde aumentaron os participantes nun 153% e as escolas nun 144%. Estes datos confirman a valoración positiva do programa, que nos últimos catro anos multiplicou por sete o número de participantes.

As escolas inscritas no programa desde o seu comezo no 2013 supoñen o 44,14% dos centros escolares de Educación Primaria de toda España. *“O noso programa educativo ten como fin sensibilizar os nenos e nenas de Primaria e o seu contorno sobre a importancia de levar unha alimentación equilibrada e uns hábitos de vida saudables para tratar de frear a crecente taxa de obesidade infantil cun programa á súa medida que lles ensina a comer san e a medrar fortes”*, sinalou o director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa. *“No 2013 puxemos en marcha*

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

este programa e desde aquela participaron un total de 1.311.157 escolares de 6.139 escolas diferentes”, detallou.

Este programa enmárcase dentro do terceiro compromiso dos [compromisos pola Saúde e Sustentabilidade](#), que fai referencia á prevención da obesidade infantil. O programa configurouno un Comité Científico formado por profesionais de diferentes disciplinas: medicina e pediatría, nutrición e dietética, psicopedagogía e pedagogía. *“Año tras ano o programa medra e mellora os seus contidos a partir das valoracións e achegas realizadas polos docentes que xa participaron”*, explicou o director da Fundación EROSKI.

### **Novidades durante este curso**

O programa conta con dez sesións didácticas que se desenvolven na aula e que se completan con tres tipos de obradoiros prácticos. Os alumnos aprenden a realizar unha compra saudable nunha tenda EROSKI e teñen a oportunidade de visitar as instalacións dun produtor agroalimentario local para coñeceren de primeira man a orixe dos alimentos.

Os contidos buscan formar o alumnado sobre os elementos básicos dunha alimentación equilibrada, hábitos de vida saudables, o coñecemento de produtos locais, as dietas de diferentes culturas do mundo e a sustentabilidade do planeta. Unicef, WWF e a Fundación Española do Corazón son colaboradoras da Escola de Alimentación e elaboraron parte dos contidos do programa educativo.

Durante o curso 2018-2019 realizáronse máis de 1.000 obradoiros en 201 tendas EROSKI, nos que participaron máis de 24.000 escolares. *“Este ano reformulamos os obradoiros tradicionais en tenda para facérmolos aínda máis divertidos e didácticos e incorporamos un novo formato de obradoiro en tenda ‘O Chef da Clase’ e mais engadimos ao programa actividades para realizar en familia, de xeito que o aprendido na aula e nos obradoiros se poida poñer en práctica na casa”*, explicou Martínez Berriochoa.

Durante este curso incorporáronse ao programa educativo novos contidos e actividades. *“Estendemos os novos formatos de obradoiros de ‘O Chef da Clase’ con novidades como un novo vídeo e aumentamos o número de produtores locais de alimentos para incrementar os obradoiros que con tanto éxito cubrimos cada curso. Ademais, incorporamos un módulo de repaso que funciona como complemento ao programa para trimestralmente insistir, de maneira educativa, na alimentación e na importancia de seguir unha dieta saudable e equilibrada e tamén actualizamos as actividades das unidades didácticas”*, lembrou o director de Fundación EROSKI. Ademais, o concurso de debuxos de receitas saudables ‘Imagine Food’ tivo moito éxito na que foi a súa terceira edición cun novo formato. As escolas interesadas en participar neste programa PEAHS durante o vindeiro curso 2018-2019 pódense

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

inscribir a través de [www.escueladealimentacion.es](http://www.escueladealimentacion.es) ou no teléfono de atención 946 072 841.

### **Recoñecementos á promoción de hábitos saudables**

O programa formativo da Fundación EROSKI para promover unha alimentación máis saudable conta con numerosos recoñecementos. Entre eles atópase o premio OCARE á “Mellor campaña de comunicación RSC coa sociedade civil” acadado o pasado ano. O Observatorio da Comunicación e a Acción da Responsabilidade Empresarial (OCARE) premiou o Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables (PEAHS) como unha das mellores accións de comunicación de RSC desenvolvidas no 2017 en España. Os premios OCARE teñen como obxectivo recoñecer as mellores iniciativas e accións da Comunicación arredor da Responsabilidade Social Corporativa (RSC).

Ademais, o PEAHS conta tamén con numerosos recoñecementos, entre eles o Premio “O Chupete” no Festival Internacional de Comunicación Infantil, en recoñecemento á comunicación dirixida a menores; o Premio NAVES outorgado polo Ministerio de Sanidade e Consumo en recoñecemento á súa achega á saúde dos consumidores e á difusión de hábitos de vida saudables; o Selo Gosasun de Innobasque (Axencia Vasca de Innovación); o Premio Ciudadán na categoría de Saúde e Calidade de Vida; e o Premio do Centro Catalán da Nutrición (CCNIEC).

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)